



ABERTAS AS INSCRICIÓNS PARA OS CONCURSOS DE GALICIA FÓRUM GASTRONÓMICO

- O público poderá votar na web ao 'Cociñeiro Galego' e entrar no sorteo dunha comida para dúas persoas en cada un dos restaurantes dos chefs finalistas
- Cociñeiros, panadeiros e estudantes de escolas de hostalería poderán participar no II Concurso de Empanadas que premia a excelencia na técnica e creatividade deste prato
- A Batalla de Sumilleres, organizada en colaboración co Instituto Galego do Viño, convida a medir o coñecemento sobre viños a profesionais e afeccionados

A Coruña, 17 de febreiro 2025. Os concursos volverán estar moi presentes na próxima edición de Galicia Fórum Gastronómico, o maior evento do sector no noroeste peninsular que volve á axenda da cidade herculina do 23 ao 25 de marzo, en Expocoruña. Alí celebraranse novamente o Premio Cociñeiro Galego, cuxo prazo de votacións do público finalizará o próximo 28 de febreiro; o II Concurso de Empanadas e a Batalla de Sumilleres, ambos coas inscricións xa abertas a través da web.

Cabe lembrar que os chefs chefs Arón Álvarez (Os Maristas, Pontevedra), Víctor Basante (Arrueiro, Laxe, A Coruña), Bret Fernández (Prebe, Lugo), Nel Parada (Nordestada, Portosín, A Coruña) e Miguel Vázquez (Atípico, A Coruña) son os candidatos oficiais a Cociñeiro Galego 2025, tras ser seleccionados por un xurado formado por acreditados profesionais cunha ampla traxectoria no sector. O galardón recoñece "o labor dos cociñeiros emerxentes que ofrecen propostas culinarias de calidade, utilizan produtos de proximidade, fan unha cociña sostible e difunden estes valores", e está patrocinado un ano máis por Gadis coa colaboración de Sammic,

O gañador do concurso elixirase sumando as votacións do público e o voto do xurado profesional, en porcentaxes paritarios do 50 e 50%, podendo realizarse as votacións a través da web www.galiciaforumgastronomico.com/cocinerogalego. Entre quen emita o seu voto na web sortearase unha comida para dúas persoas en cada un dos restaurantes nomeados.

En canto ao Concurso de Empanadas Galicia Fórum Gastronómico, un certame que premia a excelencia na técnica e a creatividade nun dos pratos máis emblemáticos da gastronomía galega, como é a empanada, pódese participar en dúas categorías: Profesional, dirixida a cociñeiros e panadeiros expertos na elaboración das tradicionais empanadas galegas, e Formación, aberta a estudantes de escolas de hostalería, para destacar e valorar o papel fundamental da formación gastronómica. As inscricións estarán abertas ata o 28 de febreiro, podendo consultarse as bases na web.



O xurado, composto por destacados profesionais do sector, avaliará as propostas e seleccionará aos gañadores o martes 25 de marzo. O certame conta co apoio da Deputación de Coruña e a colaboración de Kitchen Aid.

GASTRONOMÍA LÍQUIDA. Finalmente, a Batalla de Sumilleres volverá celebrarse nas xornadas do domingo 23 e luns 24 no Wine Circus, un dos espazos que forman parte da proposta de Gastronomía Líquida do Galicia Fórum Gastronómico, xunto ao Coffee Fórum e Cocktail Bar Fórum, cuxo programa se presentará a próxima semana.

Organizada polo Galicia Fórum Gastronómico, en colaboración co Instituto Galego do Viño (INGAVI), a Batalla reúne a afeccionados e profesionais que comparten a súa paixón polo viño e os seus coñecementos nunha experiencia única: unha cata a cegas por parellas con viños de calquera rexión vinícola do mundo e onde só os máis expertos chegarán á gran final para retarse en coñecemento.

Haberá tres fases clasificatorias para a Batalla Final, e o desenlace vivirase en directo.

Información e inscricións en www.galiciaforumgastronomico.com/batallasumiller

Nati Palomo

nati.palomo@galiciaforumgastronomico.com

Ana Iglesias

ana.iglesias@galiciaforumgastronomico.com